



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

GABINETE
TÉCNICO DE
Igualdade

Igualdade de xénero na empresa



CONFEDERACION
DE EMPRESARIOS
DE LA CORUÑA



cel
Confederación de
Empresarios de Lugo



Confederación
empresarial de
Ourense



CONFEDERACION DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA

Co financiamento de:



**XUNTA
DE GALICIA**



Igualdade de xénero na empresa

A igualdade de xénero nas empresas non significa que a organización contrate o mesmo número de mulleres e homes.

Está relacionado coas condicións de traballo dunhas e outros.

Refírese a que teñan os mesmos dereitos, oportunidades e responsabilidades dentro das organizacións. Que mulleres e homes poidan acceder ao emprego, mantelo e mellorar a súa carreira profesional e as súas posibilidades de promoción nas mesmas condicións.

E, por suposto, tamén se refire á igualdade salarial, que cobren o mesmo por un traballo de igual valor.

Atendendo ao que indica a Organización Internacional do Traballo (OIT) pódese considerar que existe igualdade de xénero nunha empresa se na mesma danse as seguintes condicións:

- a. Fomento, desde a dirección da organización, da corresponsabilidade e mesmas condicións de flexibilidade laboral para a conciliación da vida laboral e familiar para mulleres e homes.
- b. Igual remuneración por traballo de igual valor.
- c. Igualdade de condicións de traballo.
- d. Igualdade de trato no emprego.
- e. Mesmas oportunidades para o acceso, a formación e o desenvolvemento profesional.
- f. Mesmas oportunidades para a participación na negociación colectiva.
- g. Mesmo nivel de participación na toma de decisións en todos os niveis da empresa.

Ademais, convén non esquecer o seguinte:

- a inclusión de máis mulleres naqueles departamentos ou áreas nas que estean infrarrepresentadas, así como nos postos de dirección, responsabilidade e toma de decisións da organización, que permitirá integrar o punto de vista feminino e a ter presente a perspectiva de xénero
- o importante papel que xogan, na consecución da igualdade, a sensibilización, concienciación e formación en materia de igualdade de xénero nas empresas.

Se necesitas asesoramento técnico, contacta co persoal do noso Gabinete de Igualdade.

igualdade@ceg.es

981 555 888